

PROGRAMACIÓN DOCENTE
DIVERSIDADE PAISAXÍSTICA E CULTURAL
curso 2020-21

ESQUEMA XERAL

- i. Datos descritivos da materia
- ii. Contexto da materia
- iii. Obxectivos xerais
- iv. Adquisición de destrezas e habilidades
- v. Volume de traballo
- vi. Distribución de contidos: teóricos e prácticos
- vii. Metodoloxía docente
- viii. Avaliación da aprendizaxe
- ix. Observacións

I.- DATOS DESCRIPTIVOS DA MATERIA.

Nome da materia	DIVERSIDADE PAISAXÍSTICA E CULTURAL
Código	181010 630
Curso	3º
Créditos Totais	3
Horas totais de traballo da/o estudante	75
Cuadrimestre (especificar 1º/2º)	1º
Lingua na que impartirá a materia (galego/castelán)	Galego/castelán

I.1. Profesora/Profesor:

Profesor/a	Créditos (especificar A, P ou V)	Horario titorías	Lugar de Impartición	Lingua
Ana Cebreiros Iglesias		Martes 19:30-20:30	Pavillón 2, Soto, Despacho 6	Galego, castelán

A = aula P = laboratorio V = viaxe de estudos

I. 2. Coñecementos previos aconsellados para cursar a materia, se procede:

Teóricos:

Prácticos:

Observacións:

II.- ENCADRAMENTO DA MATERIA NO CICLO INTENSIVO

Preténdese achegar ó alumno aos coñecementos básicos da cultura galega, centrándonos nos aspectos xeográficos e artísticos, aportando así unha visión global de Galicia.

Ser un espazo de debate, no que se aporten diferentes visións sobre cuestións culturais que afectan aos modos de vida presentes.

III.- OBXECTIVOS XERAIS

- Explicar, situando axeitadamente no seu tempo e espazo, feitos e acontecementos relevante da historia, xeografía e cultura actual e pasada.
- Comprender e coñecer os principais procesos económicos, sociais, políticos, ideolóxicos e culturais que configuran a Galicia actual prestando especial atención aos feitos pasados que marcaron a súa evolución.
- Coñecer e empregar con propiedade a terminoloxía e conceptos, así como ser capaces de extraer conclusións propias a partir de documentos e fontes que o profesorado lles presenta sobre o tema.

IV.- ADQUISICIÓN DE DESTREZAS E HABILIDADES

Esperase dos alumnos que:

- Comprender a diversidade cultural das sociedades presentas a través de olladas de ao pasado e a actualidade.
- Identificar a diversidade paisaxística da nosa contorna, establecendo paralelismos co espazo-mundo.
- Analizar as fontes:documentais, textos, imaxes,... con visión crítica.
- Adquirir o vocabulario preciso para a comprensión de lecturas referentes ao temario.
- Recoñecer as pegadas do noso pasado na actualidade.
- Adquirir capacidade crítica para o análise do noso pasado.

V.- VOLUME DE TRABALLO

Técnica	Horas presenciais aula	Horas presenciais fora da aula	Factor de traballo do alumno	Horas de traballo persoal do alumno	Horas totais do alumno	Créditos
Clase maxistral	29		2,85	42,9	71,9	1,8
Prácticas						
Viaxe de estudos						
Probas de avaliación	1		4	4	5	0,2
Total	30			46,9	76,9	3

VI.- DISTRIBUCIÓN DE CONTIDOS

Programa teórico

Tema	Contidos	Duración
------	----------	----------

1	A PAISAXE GALEGA	10
2	AS PEGADAS ARTÍSTICAS EN GALICIA	10
3	MODOS DE VIDA E FOLCLORE EN GALICIA	10

Programa práctico (se o houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
1		
2		

Viaxes de estudo (se as houbera)

Tema	Actividades a desenvolver	Duración
2	O NOSO PASADO A TRAVÉS DO PATRIMONIO	8
1,3	PAISAXE E CULTURA	5

Bibliografía básica

- Palacios Bañuelos, Luis, *Nueva historia del mundo actual*, Madrid, Universitas, 2011.
- Martínez Rueda, Fernando, *Materiales para la historia del mundo actual*, Madrid, Istmo, 2006.
- Toboso Sánchez, Pilar, *Diccionario de historia del mundo actual*, Madrid, Alianza, 2005.
- *Historia de la educación en España: autores, textos y documentos*, Madrid, Universidad Nacional de Educación a Distancia, 2004.
- *La Historia de ETA*, Madrid, Temas de hoy, 2006.
- *Enciclopedia del románico en Galicia*, Aguilar de Campoo, Fundación Santa María la Real, Centro de Estudios del Románico, 2012-2013.

VII.- METODOLOXÍA DOCENTE**Clases**

A metodoloxía empregada combinará a explicación do profesor apoiada co traballo do alumnado, a través de diversos documentos-fonte que lle serán aportados.

Fomentarase o uso dunha aprendizaxe participativa, coa utilización dunha grande cantidade de documentos textuais e audiovisuais que lle permitan ao alumnado establecer as súas propias conclusións.

Ademais invitarase ao alumnado a facer achegas aos temas a través dos seus coñecementos e da súa experiencia persoal.

A metodoloxía empregada a partir do estado de alarma basearase no uso da plataforma FAITIC. No apartado de Documentos aportárase a información sobre o temario da materia. Mentres que nos foros se estableceran debates sobre diversos fíos que teñen que ver coa materia.

Modalidade ONLINE: No caso de ser empregada, as clases realizaranse a partir da plataforma FAITIC. Todas as semanas o docente colgará un Power Point sobre un aspecto do temario e traballarase sobre el a través dun foro de dúbidas e un pequeno cuestionario. Ademais, establecerase un foro no que se irá recollendo a actualidade referente a nosa materia que vai aparecendo no prensa.

Prácticas (se procede)

Viaxes de estudo (se procede). As viaxes de estudo parécennos fundamentais en este tipo de materias, xa que pódese comprobar in situ aqueles contidos que damos na clase. Realizaremos dúas viaxes que nos permitirán descubrir a diversidade paisaxística e cultural galega.

VIII.- AVALIACIÓN DA APRENDIZAXE

A avaliación establecerase a través de dous aspectos: a asistencia e a participación activa na clase (50 %) e un traballo sobre aspectos do temario, que se expoñerá na clase en presenza do docente e do resto do alumnado (50%).

No caso de que se siga a modalidade ON-LINE a avaliación establecerase a través do traballo, que neste caso se colgará a través da plataforma FAITIC (70%), así como un pequeno cuestionario que se habilitará a través da mesma plataforma (30 %).

IX.- OBSERVACIÓNS

A duración dos temas é orientativa. A realización das actividades dependerá dos recursos económicos dos que dispoñamos ao comezo do curso, así como de calendario de actividades dos diferentes centros culturais que podamos visitar.